

MEMORIA CUAC 2021



CONTIDO

1. XESTIÓN DA EMISORA COMUNITARIA CUAC FM	3
2. FORMACIÓN RADIOFÓNICA E DE MEDIOS COMUNITARIOS	5
3. PRODUCCIÓN RADIOFÓNICA	6
4. ESCOLA DE OUTONO DE CUAC FM	10
5. XXIII CONCURSO DE BANDAS E SOLISTAS DE CUAC FM	12
6. PARTICIPACIÓN EN CONGRESOS, FEIRAS E SIMPOSIOS	13
7. PARTICIPACIÓN EN REDES DE MEDIOS COMUNITARIOS	15
8. COLABORACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES	16

1. XESTIÓN DA EMISORA COMUNITARIA CUAC FM

A asociación cultural Colectivo de Universitarios Activos -CUAC- foi fundada en 1995. É unha asociación sen ánimo de lucro que traballa fundamentalmente no eido cultural e da comunicación social, sendo propietaria da emisora comunitaria Cuac FM que, de maneira completamente precursora e innovadora, facilita o acceso da cidadanía de forma individual ou organizada a formar parte activa dun medio de comunicación social independente e sen ánimo de lucro.

Cuac FM é unha radio comunitaria fundada en 1996. Unha radio comunitaria é unha emisora privada, sen ánimo de lucro, que ten un fin social: garantir o exercicio do dereito de acceso á comunicación e a liberdade de expresión da cidadanía. Diríxese e débese á comunidade, cumpre unha finalidade social e está aberta á participación o máis ampla posible respecto á propiedade do medio e o acceso á emisión, así coma ás diversas decisións de programación, administración, financiamento e avaliación. Non ten fins de lucro e non realiza proselitismo relixioso nin partidista. En CUAC participan persoas físicas e xurídicas. Funciona dun xeito participativo e horizontal a través da asemblea, das coordinadoras e dos grupos de traballo.

UNHA ACTIVIDADE DIARIA, OS 365 DÍAS DO ANO

CUAC vén desenvolvendo unha actividade de emisión radiofónica continuada os 365 días do ano, a través do dial 103.4 da FM e da web www.cuacfm.org. Nestes **25 anos e medio de emisión**, alcanzouse o número de **475 programas** propios emitidos, sendo máis de 1.320 as persoas que fixeron radio e innumerables as convidadas aos diversos programas. Cabe destacar que Cuac FM non ten rexeitado nin un só dos proxectos presentados a para a súa emisión.

A xestión e dinamización de Cuac FM implica as seguintes tarefas:

- Atención ás persoas asociadas e acollida de novas asociadas
- Defensa do dereito a comunicar da cidadanía
- Participación nas redes de medios comunitarios
- Xestión da programación de Cuac FM, mantemento do equipamento tecnolóxico e informático
- Elaboración da programación comunitaria de Cuac FM
- Xestión do Arquivo Sonoro de Cuac FM: RADIOCO (software de gravación e arquivado automático para a xeración de podcasts)
- Xestión da Web de Cuac FM, da emisión por Internet e das APPs móbiles
- Xestión da Escola de Radio e Asociacionismo de Cuac FM

NOVO ESTUDO DE EMISIÓN

Ante o progresivo empeoramento da crise provocada pola COVID-19, a Coordinadora de Tecnoloxía de Cuac FM tivo que desenvolver un plan de continxencia co fin de manter de maneira remota a capacidade de emisión de Cuac FM, co condicionamento engadido de empregar a capacidade tecnolóxica dispoñible no momento, tanto a nivel informático, coma de son.

Coa intención de recuperar a presencialidade unha vez pasada a primeira onda, pero respectando as restriccións fixadas polas autoridades sanitarias, detectouse a necesidade de ter un novo estudio de emisión e formación que puidera sumarse ao xa existente para facilitar a participación das nosas asociadas en condicións de seguridade. A idea consiste en poder sumar distintos espazos para a emisión ou poder usalos de xeito alternativo, o que garantiría a participación dos programas de plantilla máis numerosa e tamén facilitaría as medidas de hixiene nos cambios de programa.

Durante este exercizo afrontamos as obras necesarias para a conversión do noso antigo almacén nun segundo estudio, e comezamos a instalación do mobiliario ad hoc que precisa todo estudio de radio. Tamén acometemos a adquisición de boa parte do equipamento necesario, que se completará ao longo de 2022, durante o cal agardamos ter en servizo todas estas novidades.

Porén, está en proceso a tarefa de interconectar os nosos tres estudos físicos (emisión, prácticas e gravación) tanto entre si coma con dous locutorios virtuais en forma de salas de videoconferencia. A incorporación de estudos virtuais por videoconferencia implica tamén a instalación de cámaras nos nosos estudos e, por tanto, abre a posibilidade de facer incursións no ámbito audiovisual, algo particularmente demandado pola mocidade.

Deste xeito, Cuac poderá incrementar as súas posibilidades operativas, tanto nos estudos físicos, coma virtuais, e posibilitando ademáis que ambos xeitos de emisión podan ser compatibles simultánea e/ou alternativamente, tanto en fase de emisión coma de gravación, no que con toda probabilidade é o maior salto tecnolóxico que Cuac FM vai afrontar dende a súa creación hai máis de 25 anos, xa que conleva a dixitalización da meirande parte dos procesos de audio internos.

2. FORMACIÓN RADIOFÓNICA E DE MEDIOS COMUNITARIOS

Cuac FM ofrece diferentes tipos de formación en radiofonía e medios comunitarios. Por unha banda, imparte nas súas instalacións obradoiros ás persoas e colectivos asociadas. Estes obradoiros abarcan dende formación básica en comunicación, medios comunitarios, produción, locución e control técnico, ata formación especializada en ferramentas específicas de interese para estas persoas na realización dos seus programas de radio. Por outra banda, CUAC ofrece tamén obradoiros de formación básica en radiofonía e medios comunitarios á cidadanía non asociada ao colectivo.

PLAN ANUAL DE FORMACIÓN RADIOFÓNICA

CUAC desenvolve anualmente, nas instalacións da Escola de Radio e Asociacionismo (locais do campus da Zapateira), con periodicidade mensual, un programa de formación dirixido ás persoas asociadas, á comunidade universitaria e a calquera colectivo ou persoa interesada en facer un programa de radio, que abarca os contidos relacionados coa locución, realización e produción radiofónicas. O **Curso de Iniciación á Radio** é un programa formativo dirixido a persoas sen coñecementos previos de comunicación radiofónica, que se realizan con carácter mensual, cunha duración total de 10 horas (6 teóricas + 4 prácticas). Os contidos do programa formativo son:

- Módulo 1: Asociacionismo e Medios Comunitarios (2 horas);
- Módulo 2: Xornalismo e produción radiofónica (3 horas);
- Módulo 3: Realización e control técnico. (2 horas);
- Módulo 4: prácticas de produción e realización nun programa de radio (4 horas).

No ano 2021, celebráronse **tres ciclos completos do curso de iniciación á radio** (nos meses de marzo, xuño e novembro), nos que participaron un total de **13 persoas**. Durante 2021 realizáronse varias **accións formativas do módulo 3** para, por unha parte, explicar **como producir un programa de forma remota** aos nosos programas en emisión e, por outra parte, formar a novos socios e socias. Nesta **formación adaptada específica para o periodo de convivencia coa COVID-19** explícanse as particularidades técnicas da nosa emisora e a sistemática a seguir para poder emitir estando cada persoa nunha ubicación diferente con conexión a internet.

Os formadores dos diferentes módulos son: Mariano Fernández, Fernando Souto, Isabel Lema, Paula Alonso, Tomi Legido, Bea Ulalume, Roberto Catoira, Alex Cortiñas, Roberto Ansede, Carlos Reguera, Ozzy de Castro, Chema Casanova, Rodrigo Gil, Luis Santillana e Miguel Anxo Facal.

3. PRODUCCIÓN RADIOFÓNICA

Cuac FM oferta unha programación especializada e de calidade que a ten convertido na emisora radiofónica de eido local con maior número de horas de produción propia, así coma na emisora privada que máis horas emite en lingua galega. Ademais, coa chegada da nova tempada en outubro de 2021, o equipo de Cuac FM fixo un esforzo extra por engadir contidos de calidade realizados en galego. Os programas novos de produción propia son Fanzine Radio e Vellenials e os que incorporamos que proceden de fontes externas son, entre outros *Galicia... Algo Máis*, *Balea Vermella* e *Fóra de Mapa*. A información foi recollida nesta nova da nosa páxina web: <https://cuacfm.org/novas/2021/09/cuac-fm-inicia-nova-temporada-reforzando-a-sua-programacion/>

Os contidos de Cuac FM teñen unha clara orientación social, cultural e educativa, caracterizándose pola súa especialización e diferenciación, acollendo temáticas cuxo tratamento en profundidade non ten cabida noutras radios convencionais: música local e minoritaria, música tradicional e de grupos galegos, programas de divulgación científica e medio ambiente, cobertura de movementos culturais minoritarios, programas xuvenís, deporte local, saúde, sensibilización na igualdade, etc. Este ano fixeron programa colectivos tan diversos como **Asociación Cultural Alexandre Bóveda**, a **Universidade Sénior da UDC**, **FEGAUS** (Federación Galega de Asociacións Universitarias Sénior), e **ACCEM A Coruña** (Asociación Comisión Católica Española de Migraciones). Así mesmo, Cuac FM redifunde os boletíns informativos de **Amnistía Internacional** e da asociación ecoloxista **ADEGA**, así coma o magazine *La Radio de los Gatos* de **ASPACE Coruña** e o programa *Proxecto Neo* do **IES Perdouro** de Burela. CUAC tamén dá voz a movementos sociais como **ACAMPA** e a centos de colectivos sociais, grupos musicais, artistas, asociacións e persoas que, coma entrevistados, tamén participan da radio comunitaria.

PROGRAMACIÓN DIARIA: 26 PROGRAMAS PROPIOS

A programación propia de Cuac FM neste ano está conformada por **26 programas**, sendo a maioría dunha hora semanal, se ben algúns duran dúas horas e outros emítense de xeito quincenal. Asimesmo, a programación de Cuac FM presta un especial interese á divulgación científica. En 2021 están en antena os seguintes programas: **El Desinformativo**, **Cuack'n'roll**, **Mi rollo es el Rock**, **Alegría**, **Recendo**, **EnWorking**, **Spoiler**, **Café con gotas**, **Fanzine Radio**, **Vellenials**, **Simplemente Gente**, **RadioSénior**, **EnBoxes**, **Loco Iván**, **Orión**, **Minority Sports**, **Nubes de papel**, **Circo Pirata**, **Heima**, **MalhumorHadas**, **Turbulencias**, **Escuela de Familias**, **DJ Gaby Oro**, **La Ciencia es Femenino**, **Bipolares**, e **Radio 50 y Pico**.

PROGRAMACIÓN ESPECIAL

Existen diferentes razóns polas que un grupo de xente pode querer facer un programa especial, como adicar un programa a un día ou un evento conspicuos. Cuac FM anima ás persoas asociadas a que fagan programas especiais tanto na emisora coma en exteriores e facilítalles os medios técnicos que precisen. Estes programas adoitan ter unha duración superior ao normal, emiten nun horario diferente ao habitual se é preciso, e ás veces implican mobilizar un equipo de exteriores fóra das instalacións de Cuac FM.

Debido ás circunstancias especiais pola COVID-19 foron moitos menos dos habituais, pero aínda así realizáronse os seguintes programas especiais en 2021.

- O 10 de abril o programa *Minority Sports* fixo un especial de hora e media do campionato galego de Tenis de Mesa no Club Finisterre.
- O 19 de xuño *Minority Sports* retransmitiu un especial de dúas horas da competición de Roller Derby organizado polas Brigantias no Pavillón Municipal de Monte Alto, sendo o primeiro partido tras a pandemia.
- O 2 de agosto, varias das persoas integrantes dos diferentes programas musicais de Cuac FM emitiron por 4º ano o **Especial Festival Noroeste Estrella Galicia**, un programa de dúas horas adicado á programación musical do Festival Noroeste Estrella Galicia 2021.
- O 18 de setembro os programas *Minority Sports* e *La Ciencia es Femenino* uníronse para facer, por terceiro ano consecutivo, a cobertura especial da feira de ciencia **Open Science Cambre** organizada polo **IES David Buján** de Cambre.
- O 24 de setembro celebrouse a **G-Night: Noite Europea dos Investigadores 2021**, e *La Ciencia es Femenino* fixo unha cobertura especial de dúas horas dende a Praza de María Pita, nos soportais do Concello da Coruña.



PROGRAMACIÓN ESPECIAL CON ENTIDADES NON ASOCIADAS

Ademais da programación especial dos programas propios, en 2021 Cuac FM contou con varios programas especiais nados da colaboración directa con entidades non asociadas á emisora.

A Guarida Violeta. En abril CUAC iniciou unha colaboración coa **Escola de Imaxe e Son (EIS)** da Coruña. A Escola de Radio e Asociacionismo de Cuac FM impartiu dúas charlas formativas na EIS ao alumnado de Producción nas que se falou dos medios comunitarios así como dos coñecementos básicos para realizar un programa de radio. Posteriormente, o devandito alumnado, baixo a coordinación das docentes Olga Osorio e Olaia Sendón, produciu un podcast mensual entre maio e setembro (comezando o 17 de maio, Día das Letras Galegas) chamado [*A Guarida Violeta*](#), un programa sobre literatura vista dende unha perspectiva de xénero.

Radio LibreMente. Tamén en abril, Cuac FM empezou emitir os primeiros podcasts de **Radio LibreMente**, a radio do **Centro Penitenciario de Monterroso**, unha iniciativa enmarcada no Plan de Animación Sociocultural “xerando oportunidades de participación en prisión” impulsada pola ONG **Aliad-Ultreia**. O proxecto pretende empregar as potencialidades de facer radio para aprender a respetar, dialogar e traballar en equipo. Os programas están elaborados e locutados por un grupo de internos formados previamente en radio. A Escola de Radio e Asociacionismo de Cuac FM foi a encargada de desprazarse ata ese espazo na provincia de Lugo para impartir as formacións radiofónicas en 2020. Como resultado desta actividade produxéronse inicialmente 7

podcasts que foron emitidos en Cuac FM entre abril e xuño de 2021, e agardamos recibir máis no futuro.



La Locura Suprema. O 28 de agosto a asociación **AtlantICS**, que en anos anteriores realizou en Cuac FM o programa divulgativo *Internet de tu Color Favorito*, emitiu [La Locura Suprema](#), un maratón solidario de case 24h co obxectivo de recadar fondos para o Banco de Alimentos Rías Altas. Polos micros pasaron xentes da comunicación, da cultura, do mundo asociativo, de entidades solidarias, etc.

REDIFUSIÓN DE PROGRAMAS EXTERNOS

Cuac FM difunde a través do seu dial producións de outras emisoras comunitarias e proxectos radiofónicos que aportan contidos non frecuentes na nosa radio. En 2021 demos un forte pulo a esta programación, destacando os programas externos producidos en Galicia, que pasaron a duplicarse.

Os día de diario emítense os informativos *Democracy Now!*, *Carne Cruda*, *La Cafetera* e o *Boletín Ambiental Radio Cerna*. Os informativos de fin de semana son *Democracy Now! Columna de Amy Goodman* e o *Informativo Amnistía Internacional*.

Cuac FM emite os programas producidos en Galicia: *Ábrete de Orelas*, *O Recanto do Corcovado*, *Higher Street*, *Proxecto Neo* (do **IES Perdouro**, Burela), *Grandes Voces do noso Mundo*, *La Radio de los Gatos* (de **ASPACE Coruña**), *As Womansplainers*, *Fóra de Mapa*, *Té con Gotas, Galiza... Algo Máis*, *Balea Vermella* e *A Rumboia*, ademais do xa mencionado *Boletín Ambiental Radio CERNA*. Como producións do resto do Estado, CUAC emite *La Biblioteca Perdida*, *Mar de Fueguitos*, *La Hiena - Radio Show*, *Alcarria Savage Tunes*, *La Luna Sale a Tiempo*, *Coffee Break: Señal y Ruído* e *Fat Sounds Sonidos Gordos*, ademais dos informativos comentados arriba.

ENTREVISTA EN CARNE CRUDA

Polo 25 aniversario de CUAC FM, varios membros de Cuac FM foron entrevistados en *Carne Cruda*, o programa de información política e social, que se emite en Internet (e en CUAC FM), dirixido e presentado por Javier Gallego. Aproveitamos esta oportunidade para defender o terceiro sector da comunicación e, concretamente, as radios comunitarias, ignoradas polos poderes

públicos, a pesar de que tanto a Constitución Española como o Parlamento e o Consello de Europa avala e protexe o papel dos medios de comunicación de propiedade dos cidadáns. Podes escoitar o Podcast #847 Carne Cruda neste [enlace](#) (a nosa entrevista vai a partires do minuto 51:59).

4. ESCOLA DE OUTONO DE CUAC FM



Foto: inauguración da Escola de Outono con Xulio Abalde (Reitor UDC), Paula Alonso (Presidenta CUAC) e Isabel Lema (CUAC FM).

Os días 19 e 20 de novembro de 2021 CUAC FM organizou na Aula Náutica da UDC a súa **Escola de Outono, construíndo medios comunitarios máis resilientes**. esta escola tivo por obxectivo á formación e empoderamento de comunicadoras sociais e activistas radiofónicos.

Ademáis dunha ampla participación das socias de CUAC FM (A Coruña), contamos coa participación de ONDA MERLÍN COMUNITARIA (Madrid), ONDA COLOR (Málaga), RADIO TELEVISIÓN DE CARDEDEU (Cardedeu), RADIO FILISPIM (Ferrol), RADIO SIBERIA (Vitoria-Gasteiz), RICCAP, a Rede de Investigadores en Comunicación Comunitaria, Alternativa e Participativa e tamén con socios da Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños-Casino de Carballo, que se achegaron ao evento interesados na comunicación participativa.

PROGRAMA DA ESCOLA DE OUTONO DE CUAC FM

Venres 19.11.2021.

17:00 Inauguración da Escola

17.15 **As radios comunitarias como ferramentas dinamizadoras da comunidade**

- A experiencia de acción social de Onda Color no barrio de Palma Palmilla. **Alejandro Blanco, Onda Color (Málaga)**
- Empoderando as redes vecinais do barrio de Villaverde a través da radio comunitaria. **Alicia Barba Baños e Míguez, Onda Merlín Comunitaria (Madrid)**.
- Escuela de Familias. Un programa para a sensibilización intercultural e a participación das familias migrantes na escola. **Dubraska Plaza, CUAC FM (A Coruña)**.

18.30. **Resiliencia frente a la pandemia. Éxitos y aprendizajes de las radios comunitarias en tiempos de coronavirus.**

- A fortaleza do traballo en rede: a experiencia da Rede de Medios Comunitarios. **Begoña Sánchez, Radio Siberia (Vitoria-Gasteiz)**
- A importancia da radio e televisión de proximidade: o exemplo de Radio Televisión de Cardedeu. **Manel Calvet, Radio televisión de Cardedeu**.
- A resposta de Radio Filispim aos retos da pandemia. **Vicente Irisarri, radio Filispim (Ferrol)**
- A innovación tecnolóxica ao servizo da radio comunitaria, a experiencia de Cuac FM. **Chema Casanova e Fernando Souto, CUAC FM (A Coruña)**.

19:45. **Presentación do libro: “La Comunicación Desde Abajo. Historia, sentidos y prácticas de la comunicación alternativa en España”.**

- Mariano Fernández, Alejandro Barranquero e Isabel Lema Blanco)

Sábado 20.11.2021

11:00 **Sustentabilidade do Terceiro Sector da Comunicación. Deseño e aplicación de indicadores.** Alejandro Barranquero, coordinador do proxecto SOSCom, Universidade Carlos III (Madrid)

11:15 **Visualizando o futuro. Taller de escenarios para as radios comunitarias.**

- Facilitadores: Isabel Lema Blanco e Alejandro Barranquero.

12:15 **Taller: ON AIR: Reiniciando CUAC FM**

- Facilitadores: María Martínez e Martín Añel
- Participantes: todas as asistentes

5. XXIII CONCURSO DE BANDAS E SOLISTAS DE CUAC FM



CUAC FM convocou neste 2021 a súa **23ª edición do seu Concurso de Bandas e Solistas**, superando as complicacións derivadas das circunstancias excepcionais da COVID-19 e que restrinxiu as posibilidades de organizar eventos culturais e musicais como a batalla de bandas ou a participación das bandas gañadoras nos eventos artísticos na cidade.

Nesta ocasión foron **85 as propostas musicais recibidas** para tentar acadar un dos tres premios convocados que alcanzan os 2.800 euros en premios.

O xurado formado por voluntariado de CUAC FM e por persoas doutros medios de comunicación como **Pepe Cunha** de Ábrete de Orelas, **a coñecida artista Eme Dj**, e o director da Revista Popular 1, con máis de 30 anos de traxectoria, **César Martín**.

Agora mesmo, no momento de redacción do presente documento estase a valorar por parte do xurado as cancións recibidas.

As dúas bandas finalistas participarán na **Batalla de Bandas** que se celebrará o día 26 de febreiro de 2022 e que determinará quen logra o primeiro e o segundo posto tras a súa actuación en directo na Sala MardiGras.

6. PARTICIPACIÓN EN CONGRESOS, FEIRAS E SIMPOSIOS

XORNADA DE BENVIDA DA UDC - FEIRA DE ASOCIACIÓN

CUAC participou na Xornada de Benvida da UDC, que se desenvolveu o 23 de setembro de 2021, de maneira presencial, no Estadio Universitario do Campus de Elviña. A xornada estivo promovida polo Vicerreitorado de Estudantes, Participación e Empregabilidade. Para este evento, CUAC FM estivo presente a través dun stand propio no que presentamos a nosa asociación ao alumnado visitante.



Stand de CUAC na xornada de Benvida ao estudantado no Estadio Universitario de Elviña

CONFERENCIA NA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Rodrigo Gil, secretario de CUAC, foi convidado pola profesora Patricia Digón a impartir unha ponencia ao alumnado do **Grao de Educación Social da UDC** sobre radios comunitarias, e, concretamente sobre a experiencia de CUAC FM. A actividade tivo lugar en marzo de 2021 no marco da asignatura de “Educación e medios de comunicación social”.

CONFERENCIA INVITADA NA UNESCO REMOTE RADIO WEEK

Isabel Lema, socia de CUAC FM e membro de AMARC-Europa foi convidada a dar unha conferencia na *Semana da Radio Online* organizada en novembro de 2021 pola UNESCO de maneira virtual. A conferencia, impartida o 4 de novembro de 2021, versou sobre o papel relevante que xogaron os medios comunitarios en tempos de crise como a pandemia de COVID-19. Os medios comunitarios contribúen á diversidade e á pluralidade mediática, reflectindo as diferentes realidades, dando tamén cobertura a poboacións esquecidas polos gobernos ou pouco representadas nos medios. Todas as conferencias e obradoiros da **Unesco Remote Radio Week** están dispoñibles, de xeito aberto en catro idiomas (español, inglés, francés e árabe) neste [enlace](#). A conferencia de Isabel Lema pode verse neste [enlace](#).

CONGRESO INTERNATIONAL MOVEMENT

CUAC FM participará este ano no Congreso MOVEMENT - [Congreso Internacional sobre Movimientos Sociales y TIC](#)-, que se celebra o 11 e 12 de novembro de 2021 na Universidade de Sevilla. No marco deste congreso, Isabel Lema, Chema Casanova e Fernando Souto, presentarán a comunicación “**Innovación tecnológica para el afrontamiento de la Covid-19 en las emisoras comunitarias: el caso de CUAC FM**”.

CONGRESO INTERNACIONAL "MEDIOS COLABORATIVOS Y RESILIENCIA CIUDADANA"

CUAC FM estivo presente no [Congreso Internacional GTCC-AE-IC 2021 “Medios colaborativos y resiliencia ciudadana: comunicación participativa ante tiempos de crisis”](#), celebrado o 2 e 3 de decembro en La Laguna (Tenerife). No marco deste congreso, Isabel Lema, Mariano Fernández e Chema Casanova presentaron a ponencia “**El impacto de la COVID-19 en los medios de comunicación alternativos: el caso de la Red de Medios Comunitarios**”, no que deron conta dos principais retos que a pandemia tivo para as radios comunitarias, así como os logros acadados, como foi o caso do proxecto “Radio Pat(i)o” de CUAC FM.

7. PARTICIPACIÓN EN REDES DE MEDIOS COMUNITARIOS

ASEMBLEA ANUAL DA REDE DE MEDIOS COMUNITARIOS 2021

CUAC FM participou na Asemblea 2020 da Rede de medios Comunitarios- REMC que, a causa das restricións ocasionadas pola COVID-19, tivo que ser de novo celebrada telemáticamente o 6 de xuño. CUAC segue ostentando a presidencia da Rede de Medios Comunitarios na persoa do noso compañeiro Mariano Fernandez Cabarcos, así como traballando para a defensa dos dereitos da cidadanía en materia de comunicación.

Boa parte da achega de Cuac FM na ReMC céntrase no eido legal, en concreto participando ao longo deste ano nos dous trámites de audiencia abertos polo Goberno de España para achegar propostas á nova **Ley General de Comunicación Audiovisual**, que xa iniciou a súa tramitación parlamentaria a primeiros de 2022 (se ben xa acumula un retraso importante a causa da crise do COVID 19).

Ao mesmo tempo, e a través da ReMC participamos nas primeiras xuntanzas do **Consejo Consultivo para la Transformación Digital**, creado en setembro do pasado ano, e que ten por obxecto asesorar ao **Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital** no deseño da proposta de políticas do Goberno en materia de transformación dixital, en particular no eido das telecomunicacións, as infraestruturas dixitais, o despregue de redes e servizos de comunicacións electrónicas para garantir a conectividade dixital da cidadanía e empresas, os servizos de comunicación audiovisual, a dixitalización da economía, a administración e a cidadanía, e o fomento e regulamentación dos servizos dixitais e da economía e sociedade dixitais.

PARTICIPACIÓN NA ASOCIACIÓN MUNDIAL DE RADIOS COMUNITARIAS (AMARC)

CUAC é unha entidade asociada a AMARC, a Asociación Mundial de Radios Comunitarias (www.amarc.org) e da súa división europea, AMARC-Europa (<http://www.amarceurope.eu>). Actualmente, Cuac FM ocupa un posto no Consello Directivo de AMARC-Europa a través da participación da nosa compañeira, Isabel Lema Blanco, como responsable da tesourería.

PARTICIPACIÓN NA ASEMBLEA ANUAL DO CMFE

CUAC é unha entidade recentemente asociada ao **Foro Europeo de Medios Comunitarios (CMFE)**. En 2021, CUAC FM estivo a colaborar nalgúns das actividades promovidas polo CMFE. Por exemplo, co gallo do **Día Internacional da Muller**, o **boletín mensual** do **Community Media Forum Europe** adicado a mulleres en medios comunitarios europeos,

recolleu un breve artigo dunha socia de CUAC acerca da experiencia das mulleres nas radios comunitarias e, especialmente, nos seus espazos de decisión e liderazgo.

O día 30 de novembro de 2021 o CMFE celebrou a súa [assemblea anual](#), na cidade de Hamburgo, na que Cuac FM estivo presente. A compañeira Isabel Lema foi elixida novo membro do Board do CMFE, do que forman parte expertos de toda Europa.

8. COLABORACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES

- Colaboración coa **Universidade Sénior da UDC** para a emisión do proxecto radiofónico “Radio Sénior”, producido polo alumnado da Universidade Sénior, baixo a coordinación do Taller de Comunicación Social e Capacitación Mediática desta entidade.
- Colaboración co **Vicerreitorado de Estudantes, Participación e Empregabilidade da UDC**, para a celebración da Feira de Asociacións da UDC. Setembro 2021.
- Colaboración do Grado de Educación Social da UDC, para impartir unha charla sobre medios comunitarios e CUAC FM, por parte de Rodrigo Gil
- Colaboración con **ASPACE Coruña** para a emisión do proxecto radiofónico *La Radio de los Gatos* realizado por persoas con parálise cerebra..
- Colaboración coa **Agrupación Cultural Alexandre Bóveda**, coa que compartimos parte do seu local do centro da Coruña no que se organizan diversas xornadas, actividades culturais e xuntanzas de coordinación.
- Colaboración coa **Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos**, entidade que emite o programa *Radioactiva* realizado por persoas en risco de exclusión social, usuarios do seu centro na nosa cidade.
- Colaboración coa ONG ecoloxista **ADEGA** para a emisión dos podcasts do *Boletín Ambiental Radio Cerna*, un programa de educación ambiental dirixido á poboación adulta de Galicia.
- Colaboración coa **ONG Amnistía Internacional** para a emisión semanal do *Boletín Informativo Amnistía Internacional*.
- Colaboración coa **Escola de Imaxe e Son** da Coruña no proxecto radiofónico [A Guarida Violeta](#), un programa sobre literatura vista dende unha perspectiva de xénero, xa descrito no apartado de Programación Especial con Entidades non Asociadas.

- Colaboración co **Centro Penitenciario de Monterroso** e a ONG **Aliad-Ultreia** dentro do programa de animación sociocultural “xerando oportunidades de participación en prisión”, emitindo os programas de *Radio LibreMente* resultado da actividade iniciada o ano pasado e descrita no apartado de Programación Especial con Entidades non Asociadas.
- Colaboración coa asociación educativa **AtlantICS** na emisión do maratón solidario radiofónico [*La Locura Suprema*](#) co obxectivo de recadar fondos para o Banco de Alimentos Rías Altas, descrita no apartado de Programación Especial con Entidades non Asociadas
- Colaboración con **FEGAUS (Feredación Galega de Universidades Senior)** para a emisión do seu programa radiofónico semanal *Radio 50 y Pico* elaborado por estudantes dos diversos campus das universidades sénior galegas.
- Os días 10 e 11 de decembro os programas *EnBoxes* e *EnWorking*, en colaboración coa **Papanoelada Motera**, organizaron unha recollida de solidariedade de alimentos e útiles de aseo persoal no Centro Comercial Los Rosales a beneficio da **Cociña Económica** e o **Fogar Sor Eusebia**.